



FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS
FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAIXO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



A todos os/as deportistas e Clubes
Federación Galega de Tenis

CIRCULAR AGOSTO 2023


TRAMITACIÓN DE LICENZAS FEDERATIVAS 01/10/2023-30/09/2024

O fin de prazo de recepción de licenzas para validar no exercicio 2023 remata o **25/09/2023**.

1. As licenzas que se renoven o sexan altas a partir do 01/10/2023 serán validas ata o 30/09/2024.
2. O prezo das licenzas desta tempada 2023-2024 son as aprobadas na reunión de Asemblea Xeral do 24/03/2023 e se relacionan máis abaixo.

XESTIÓN ONLINE

A xestión de licenzas federativas para o 2023-2024 será mediante a aplicación informática a que se accede a través da etiqueta **"acceso"** na parte dereita da web federativa: www.fgtenis.net



Cada club afiliado dispón dun usuario e contrasinal para acceder a esta ferramenta coa que tramitar as licenzas de Tenis.

Os/as xogadores/as que desexen tramitar a súa licenza por independente, deberán enviarnos por correo electrónico os seus datos xunto co xustificante de pago.

Do mesmo xeito, poderán solicitar o cargo en conta do importe da licenza enviando o número de conta bancaria.



FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAIXO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

RENOVACIÓN E ALTAS PARA CLUBES

O prazo administrativo de inicio de renovación de licenzas para a tempada 2023-2024 será o 27 de setembro de 2023. O 1 de outubro de 2023 as enviaremos para validar na RFET e asegurar nas mutuas correspondentes, no estando en vigor ata ese momento. A vixencia será ata o 30/09/2024.

É importante considerar que as renovación se poden tramitar por tramos, e dicir, a medida que os/as xogadores/as paguen as súas licenzas, o club as pode prefacturar. Unha vez comprobado o pago, a Federación as validará e procederá á facturación definitiva.

Os/as xogadores/as participantes nas competicións deber ter a súa licenza pagada antes da súa inclusión na relación do equipo no que van a ser inscritos ou no torneo no que vaian a participar. As competicións do último trimestre do ano se xogarán coa licenza en vigor da nova tempada 2023-2024.

Os clubs poderán incluír aos/as xogadores/as participantes na competición por equipos o último trimestre do 2023, a partir do 01/10/2023, xa coa nova licenza renovada da tempada 2023-2024.

Os/as xogadores/as participantes en campionatos ou torneos con data de fin posterior ao 30 de setembro de 2023, deben ter tramitada e pagada a licenza da tempada 2023/2024 antes do inicio do campionato ou torneo.

O número de conta bancaria para o pago de licenzas é: ES83 2080 5527 05 3040000936 de Abanca.


SEGURO DEPORTIVO OBLIGATORIO

Todos os/as federados/as dispoñerán dun seguro de accidente deportivo.

Os/as federados/as con idades entre os 6 e os 16 anos, cumpridos antes do 30 de setembro de 2024, estarán integrados na póliza do seguro de accidentes do Programa Xogade da Xunta de Galicia.

O resto de federados estarán incluídos na póliza do seguro contratada pola Federación Galega de Tenis.

No acceso directo de licenzas, na web www.fgtenis.net pódense descargar as normas de actuación en caso de accidente deportivo.





FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAIXO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

CAMBIOS DE CLUBE

Nesta nova tempada 2023-2024 os/as xogadores/as que desexen facer o cambio de club poderán tramitalo persoalmente ata o 27 de setembro de 2023 enviando un correo electrónico a info@fgtenis.net o fgtenis@gmail.com

Por acordo en Asemblea Xeral da Federación do 18/12/2021 establécese que calquera xogador/a é libre de cambiar de club, coa condición de que non xogase algunha competición por equipos co club inicial na mesma tempada, seguindo a liña de actuación da RFET. Igualmente, para unha mellor organización federativa da nova emisión de licenzas, mantense o período de comunicación de cambio de club dos/as xogadores/as ata o 27 de setembro de 2023. Os que cheguen posteriormente serán estudados en canto á inscrición en equipos pola Federación.

Unha vez autorizado e tramitado o cambio pola Federación Galega de Tenis, a licenza debe ser prefaturada polo novo club. En todo caso, non poderá tramitarse ningún cambio de club durante a tempada 2022-2023 se o xogador xa participou nunha competición por equipos.

LICENZAS FG TENIS – VIXENCIA 01/10/2023 – 30/09/2024

Emisión a partir do 27/09/2023

| Categoría | Idade | Prezo |
|-----------|--------------|-------|
| Senior | >18 anos | 47€ |
| Júnior | 17 e 18 anos | 25€ |
| Cadete | 15 e 16 anos | 25€ |
| Infantil | 13 e 14 anos | 25€ |
| Alevín | 11 e 12 anos | 25€ |
| Benxamín | ata 10 anos | 25€ |

PRIMEIRA LICENZA

Emisión a partir do 27/09/2023

Primeira Licenza para aqueles xogadores/as que nunca tivesen licenza. Este tipo de licenzas poden aplicarse ao programa de bonolicenzas.

| Idade | Prezo |
|-------------|-------|
| >18 anos | 25 € |
| ata 18 anos | 15 € |



FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAIXO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

SEGUNDA LICENZA DE AQUELES QUE SACARON POR 1ª VEZ
A LICENZA NA TEMPADA 2022-2023

Emisión a partir do 27/09/2023

| Idade | Prezo |
|---------------|-------|
| >18 anos | 30 € |
| hasta 18 anos | 15 € |

(NOVIDADE)

BONO POR PERMANENCIA DE LICENZA

| Idade | Prezo desconto |
|--------------------------|---|
| Para todas as categorías | Bono desconto de 5€ para todas aquelas licenzas que levan 10 o máis anos consecutivos dados de alta pola Federación Galega de Tenis |

PROMOCIÓN LICENZAS 2023-2024. PROGRAMA BONOLICENZA.

A Federación Galega de Tenis mantén activo o “Programa de Subvención de Licenzas” para a tempada 2023-2024.

Todos os clubs galegos poderán beneficiarse deste programa que ten coma obxectivo principal a promoción de novas licenzas.

A Federación proporcionará a cada club un número de licenzas homologadas en RFET gratis cada ano. Este número será o resultado de multiplicar o total de licenzas do ano anterior pola porcentaxe correspondente (redondeando á alza se fose necesario)

Este bono de licenzas sen coste poderá usarse durante toda a tempada 2023-2024 para xogadores/as que nunca estiveran federados.

A partir do 30/09/2023 emitiremos as estatísticas de licenzas da tempada 2022-2023 e se aplicarán as porcentaxes para establecer as listas cos números totais de licenzas sen cargo por cada club.

A listaxe se publicará na web www.fgtenis.net e en redes sociais federativas.

Administración

Federación Galega de Tenis